

## **11/2020. ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO DE MUGARDOS O DÍA 19 AGOSTO DE 2020.**

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Mugardos, sendo as nove horas do día dezanove de agosto do ano dous mil vinte, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, celebrada a porta pechada, a fin de garantir as condicións de seguridade, autoprotección e distanciamento social, baixo a presidencia do alcalde-presidente D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, con asistencia das/dos concelleiras/os Dna. Ana María Varela Bastida, D. José Miguel Mahía Prados, Dna. Begoña Roldós Iglesias, D. Jorge Manuel Kuntz Peiteado, Dna. Maria del Pilar Diaz Otero, D. Iván Martínez González, D. Genaro Prieto Iglesias, Dna. María Dolores González Lorenzo, D. José Ángel Martínez Bardanca, D. Ignacio Fernández Fernández e D. Argemino Varela Filgueiras. Non asiste, con excusa, a concelleira Dna. Marta Ruiz del Ganso. Asiste tamén a interventora municipal Dna. Ana María Gómez Peña.

Actúa como secretario o que o é da Corporación, D. Rafael Bermúdez Iglesias.

Aberta a sesión pola Presidencia, éntrase no estudio e discusión do único asunto incluído na orde do día, adoptándose o seguinte acordo:

### **1.- MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO ORGÁNICO DE FUNCIONAMENTO DO CONCELLO DE MUGARDOS: RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA, NO SEU CASO.**

Tras deliberación, sométense a votación as alegacións presentadas pola voceira do grupo municipal de EU-SON EN COMÚN, de data 06.08.2020, e o Concello Pleno, tendo en conta o informe emitido polo secretario da corporación en data 11.08.2020, obrante no expediente, así como o ditame da Comisión Informativa de Facenda, Persoal e Participación Cidadá de data 14.08.2020, por 7 votos a favor da desestimación das alegacións (5 PP, 2 PSOE) e 5 abstencións (4 EU- SON EN COMÚN, 1 BNG), acorda:

1º.- Desestimar as alegacións formuladas pola voceira do grupo municipal de EU-SON EN COMÚN, Dna. Pilar Díaz Otero.

Acto seguido sométese a votación a aprobación definitiva da modificación do Regulamento Orgánico Municipal de Funcionamento, e o Concello Pleno, tendo en conta o ditame da Comisión Informativa de Facenda, Persoal e Participación Cidadá de data 14.08.2020, por 7 votos a favor (5 PP, 2 PSOE) e 5 votos en contra (4 EU- SON EN COMÚN, 1 BNG), e, polo tanto, co quórum esixido polo artigo 47.2.f) da lei 7/85, **ACORDA:**

1º. Aprobar definitivamente a modificación ó Regulamento Orgánico Municipal de Funcionamento, aprobado inicialmente polo Concello Pleno na sesión realizada o día 16 de xuño de 2020, e cuxo texto se transcribe de seguido:

- No Artigo 49 engadiríase un segundo punto coa seguinte redacción:

“Os concelleiros da corporación que abandonen de forma voluntaria unha sesión plenaria ou comisión informativa sen causa xustificada, non percibirán a retribución pola asistencia ao órgano.”

- O Artigo 58.2 quedaría redactado da seguinte forma:

“ 2.- As mocións ordinarias presentaranse no rexistro municipal antes das 14:00 horas do día anterior á celebración da Xunta de Portavoces para que, no caso de ser aprobadas polo pleno, e cando fose necesario, remítanse aos órganos competentes para a tramitación e adopción da resolución que proceda.”

- Ao Artigo 62.2 especificaríase o tipo de días, sendo estes días hábiles, de acordo co artigo 30.2 da LPACAP.
- Derrógase o artigo 66 na súa totalidade.
- Derrógase o artigo 93 na súa totalidade.
- Ao Artigo 128 engádeselle a seguinte frase:

“Aos que se lles tomará acta das súas deliberacións.”

- O Artigo 133.1 segundo parágrafo, quedará redactado da seguinte forma:

“O resumo do rexistro de entrada e de saída será facilitado por medios electrónicos cunha periodicidade semanal aos portavoces dos grupos municipais, ou ao correo que indiquen por escrito.”

- Engádesse un novo artigo; “Artigo 142.- Exequias” coa seguinte redacción:

“Rexeranse as distincións e honras fúnebres de persoal municipal e membros da corporación nun regulamento para ese efecto anexo ao presente Regulamento Orgánico Municipal.”

## **DELIBERACIÓN**

**Sr. Alcalde** (que traducido di): Sesión plenaria extraordinaria co único punto da orde do día de modificación do Regulamento Orgánico de Funcionamento do Concello de Mugardos, resolución de alegacións e aprobación definitiva no seu caso. Bueno, e... transcorrido o prazo de exposición para facer alegacións o Grupo de Esquerda Unida En Común presentou un escrito de alegacións que é o que ven hoxe a ditaminar a súa procedencia ou improcedencia. Polo tanto pois e... en todo caso abrimos un... un primeiro punto de intervencións. Entendo que o van a presentar... ¿alguén máis no primeiro turno?. José Ángel. Si.

**Sra. Díaz Otero** (que traducido di): Bo día a todos...

**Sr. Alcalde** (que traducido di): ¿Perdón?. Vai a presentar as alegacións ela.

**Sra. Díaz Otero:** Bueno, bos días a todos. Unha vez presentadas as alegacións e tendo en conta o informe posterior do secretario da corporación, que foi presentado na Comisión de Facenda onde se ditaminaron as alegacións, é obvio que non poden ser consideradas alegacións e si propostas para unha posible revisión do Regulamento Orgánico de Funcionamento do Concello de Mugaros. E tal e como anunciou xa o concelleiro presente nesa comisión estas serán trasladadas en forma de proposta á comisión para que poidan ser estudadas polo conxunto dos grupos municipais, e a partir de aí intentar mellorar o Regulamento Orgánico Municipal de Funcionamento do Concello de Mugaros.

**Sr. Alcalde:** José Ángel.

**Sr. Martínez Bardanca** (que traducido di): Bueno pois... bos días, grazas. Nada máis que dicir un pouco que bueno, que nós pola nosa banda recolleríamos esa luva se estivésemos no goberno, de que ese... pois que se estude ou se discuta unha modificación íntegra do Regulamento, un Regulamento que entendemos que é moi mellorable. Pero o que si, tamén entendemos que... que está... que está... este Pleno non ten sentido neste momento, digo porque bueno, vou un pouco a recoller as palabras do propio Esquerda Unida no Pleno no que se... a sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de xuño, no cal pois discutíamos ¿non?, estas modificacións do Regulamento e ese día pois a voceira dicíanos que pois lle parecía difícil de encaixar que se convocase un Pleno... unha... neste caso unha comisión, para discutir este tema, habendo problemas moi importantes no Concello de Mugaros nese momento, derivados do COVID, como todos sabemos, para as axudas, etc. E entón achacaba a que era unha necesidade do Partido Popular e do Grupo Socialista para seguir nun goberno minoritario, bueno... unha cousa así moi escura e tal ¿non?. E resulta que hoxe estamos aquí nun Pleno Extraordinario forzado directamente por Esquerda Unida para facer unhas alegacións que non teñen sentido, que non debería de terse... que non deberían de terse feito, e que o único que provocan é que esteamos aquí falando de algo que á xente, no pobo, aos veciños non lles interesa absolutamente para nada. E todo iso ven dunha modificación no Regulamento, na cal foi solicitada durante a Alcaldía de Esquerda Unida xunto co Partido Socialista, na cal o BNG nun Pleno, nun dos plenos, pediu que se modificase o Regulamento porque non se estaba a cumprir, xa que a oposición non estaba cobrando. E por outra banda o propio Partido Popular, agora na Alcaldía, pediu tamén nese momento que se modificase o Regulamento porque había problemas á hora de rexistrarse as mocións e... e iso derivaba en que as mocións non fosen a Pleno. Todo isto quero lembralo, porque isto parte de aí, isto é unha modificación puntual para adaptar, digamos, o Regulamento, que non estaba cumprindo co seu obxectivo, que é que o funcionamento sexa fluído ¿non?. Entón nese sentido estráñame ¿non?, que durante o mandato de Esquerda Unida co PSOE a Alcaldesa non se formulase en ningún momento a modificación do Regulamento, que nin sequera se formulase, puntualmente, modificar estes puntos nos cales había controversia, e que agora esteamos nun Pleno Extraordinario precisamente para facer unha modificación de... un pouco máis xeral ¿non?, do Regulamento. Bueno, pois eu a verdade non o entendo. E por outra banda pois simplemente, nada, dicir que efectivamente as alegacións

quedarán... quedarán fóra e o Regulamento é necesario aprobalo para que poidamos seguir funcionando precisamente para darlle solucións aos veciños, que é para o que estamos aquí en realidade.

**Sr. Alcalde** (que traducido di): Moi ben. Pois moitas grazas. Pois se algún grupo quere abrir un segundo turno. Pois abrimos un segundo turno. ¿Palabras?. Vale, e... Bueno, segundo turno entón, comeza Gemino e...

**Sr. Varela Filgueiras**: Si, bueno, bo día a todos e a todas. Imos ver. Eu entendo que se estamos aquí debatendo o Regulamento Orgánico Municipal, e si se fixeron alegacións a el, é precisamente porque houbo un impulso para cambiar este Regulamento Orgánico Municipal por parte de... dalgún dos grupos que forman parte da corporación. En canto ao do BNG que falou en anteriores ocasións de cambiar o Regulamento, iso non é certo, o BNG o que dixo é que se cumprira o Regulamento que tiñamos nese momento, que xustamente no artigo 93 pois contemplaba que tódolos grupos puideran ter unha adicación, xa fose exclusiva ou parcial. Entón nós o que pedimos nese momento é que se cumprira o Regulamento, non pedimos en ningún momento cambialo. Pero si entendemos que é certo que os tempos van avanzando e que os regulamentos pois teñen que adaptarse aos tempos. E claro, vir a dicir que estamos nun Pleno debatendo unhas alegacións para algo que non lle interesa á cidadanía, se nos vamos a fixar na xente que ven aos plenos, á cidadanía de Mugardos non lle interesa nada, pola xente que ven aos plenos. Pero creo que a xente de Mugardos tanto estará interesada en todo o que ten que ver con eles como co Regulamento Orgánico Municipal que é o que vai a regular como se desenvolve a actuación dos grupos políticos presentes nesa corporación, porque eles son os que elixen aos representantes deses grupos políticos. Polo que entendo que terán o mesmo interese nisto que noutras cousas, con certas prioridades, como hai en tódolos... en tódolos debates. E... bueno, nada máis.

**Sr. Alcalde**: E... Pilar.

**Sra. Díaz Otero**: Bueno, bos días de novo. Unha parte da intervención xa a comentou o voceiro do BNG. Estamos neste Pleno Extraordinario, convocado polo Alcalde, como así lle corresponde, cun único punto da orde do día e quero recordar que temos un Pleno Extraordinario dentro.. digo, ordinario, dentro de poucos días e que polo tanto podería ir incluído como punto da orde... da orde do día. E en segundo lugar, polo tanto non estamos aquí por decisión do Grupo Municipal de Esquerda Unida, que non foi nin quen impulsou a modificación do Regulamento, unha modificación impulsada non para mellorar a situación dos veciños nin para falar dos asuntos dos veciños, senón fundamentalmente para eliminar o punto de debate sobre o Estado do Municipio, porque proba delo é que os orzamentos están ditaminados dende xullo e aínda non viñeron a Pleno. Polo tanto non é unha modificación que se pretenda... que pretenda mellorar a situación dos veciños de Mugardos nin que permita debater sobre a situación dos veciños de Mugardos, a modificación impulsada polo goberno do Partido Socialista e do Partido Popular neste... neste momento. E en todo caso o Regulamento ten diferentes aspectos que non se están a cumprir, ás veces, obviamente, porque non se teñen os medios, outras veces porque non se impulsa, e senón así temos que os plenos poden ser retransmitidos através da páxina web, non se está cumprindo, e sen embargo non se sacan do

Regulamento Orgánico. E en canto aos dereitos económicos, e réxime de adicación dos concelleiros, aprobado no ano 2013, quero recordar que xa se derogou na súa totalidade coa modificación publicada o 2 de decembro do ano 2016, e que polo tanto é un artigo que está derogado, que era o 132, non hai debate entorno a ese... a ese artigo. Polo tanto bueno, nós imos a dicir, literal, o mesmo que ao principio, cremos que son positivas, moitas delas foron plantexadas por outros grupos municipais durante tempo tamén, e cremos que poden avanzar no acceso á información por parte da cidadanía, o que vai a permitir ademais que a cidadanía poida formarse unha opinión mellor do que pode e do que está a pasar no Concello neste momento, e en momentos posteriores e en momentos anteriores tamén, e que polo tanto a ese debate emprazamos a todo o mundo para que se poida mellorar o regulamento que está agora mesmo en vigor.

**Sr. Alcalde:** Miguel.

**Sr. Mahía Prados:** Si. Bueno, bos días, señor Alcalde, señores concelleiros. A verdade é que estou abraiado coa intervención que acaba de facer unha portavoz de aquí do... do plenario. Estou totalmente abraiado, porque hai que ter valor... hai que ter valor para facer algunhas declaracións. Bueno, comezando primeiro polo que... polas varias intervencións que fixeron varios grupos... hai unha frase que dixo o BNG, que é que os regulamentos se teñen que adaptar aos novos tempos. Claro, os novos tempos... vostedes participaron na anterior modificación do Regulamento, os novos tempos eran eliminar os dereitos da oposición ¿non?. Porque quero recordarlle que foron vostedes os que eliminaron o número de preguntas que se podían presentar por Pleno, limitaron o número de mocións que se podían presentar por Pleno, limitaron... e coaccionaron a participación dos representantes públicos no plenario do Concello de Mugarbos, e veñen agora dicindo que os regulamentos teñen que adaptarse aos novos tempos. Oia mire, pois xa me explicarán vostedes cales foron eses novos tempos nos que había que limitar os dereitos da oposición. E por certo, precisamente desas alegacións, nas cales presentou tamén Esquerda Unida, enlace con estas declaracións, agora comezan a pedir vostedes cousas que foron principais instigadores a eliminalas do anterior regulamento. Piden preguntas a cascoporro, cando limitaron a dúas preguntas por concelleiro. Piden mocións a cascoporro, cando limitaron a dúas mocións por grupo político. Ou sexa, vostedes teñen a... non sei si é a idiosincrasia ou xa teñen aí o... facemos na oposición o que non facemos no goberno. Ou sexa, iso de predicar e dar trigo o levan a... rajatabla. Tamén hai cousas que eu non entendo ¿non?, sobre todo cunha persoa coa experiencia que ten a voceira de Esquerda Unida que presenta alegacións que sabe que non son alegacións, así que eu creo que a traicionou o subconsciente ¿non?, na súa primeira intervención, cando dixo textualmente, é obvio que non poden ser consideradas como alegacións... pois obvio non o parece porque as presentou. ¿E por que as presentou?. Aquí hai un motivo de fondo, que é o que hai que explicar aos veciños, e o cal eu lle estou explicando aos veciños cando preguntan pois porque non podemos amañar os contenedores de Castela ou do muelle, cando preguntan porque hai unhas facturas que aínda non se poden pagar porque van con cargo aos orzamentos, e lle pregunto aquí... aquí hai unha cuestión de fondo que é a tramitación do Regulamento Orgánico Municipal, porque sen que o Regulamento Orgánico Municipal estea en vigor non se pode e... ter lugar o Pleno de orzamentos, poderíamos facelo, poderíamos coller e presentar un pleno de orzamentos e que logo vostede o impugnara e dixera que o goberno non sabe gobernar e non respecta os prazos

para... para cumprir a normativa. Podemos facelo e xogar esa baza, que seguramente é o que vostede está desexando que fagamos. E lamento dicirle que non o imos facer, porque nós vamos polo libro. A nós cando os nosos funcionarios nos dín que hai uns prazos, que hai uns procedementos, que hai un sistema de contratación, que hai unhas ordenanzas, que hai unha normativa, este goberno a cumpre, porque vai polo libro. Entón por ese... por ese motivo vostede non nos vai a coller nun renuncio. Vostede tamén xa dixo que podíamos esperar e levalo ao ordinario, claro, para dilatar máis todavía a presentación dos orzamentos, porque o que vostede non lle conta á veciñanza é que mentres o ROM non estea en vixencia non se pode celebrar o Pleno de orzamentos. E non se pode porque senón vostede o impugnaría, que é o que está desexando facer; impugnar os orzamentos onde van a biblioteca nova para Mugaros e onde van tódolos pufos que vostede... que con cargo aos REC's, xa van computados neste ano 2020. Vostede falaba tamén de... é que isto non é culpa de Esquerda... si, é que vostedes presentaron as alegacións no último día... ¿pero como que non é culpa de Esquerda Unida?. ¿Por que non presentaron alegacións no primeiro día do periodo que había?. ¿E por que o presentaron o último?. Porque sabía que presentándoo o último dilataban unha semana como mínimo entre a convocatoria dunha comisión extraordinaria e a convocatoria dun Pleno Extraordinario. ¿E por que digo que o saben?. Home, porque unha persoa da súa experiencia que non sepa isto... ou unha de dúas, ou non sacou rendemento de tantos anos ou se está facendo adrede. Eu penso que se está facendo adrede, porque aquí o motivo de non traer os orzamentos é que sabe que son uns orzamentos que estamos negociando e que estamos traballando neles para que saian adiante. E a frustración que ten algún grupo da oposición é que nunca foi capaz de negociar un orzamento con toda a corporación, sempre foi un ordeno e mando. E este goberno non realiza ordenos e mandos, aquí no Pleno está representado todo o que ven sendo o conxunto da... da vontade dos mugaroses e mugarosas que votaron nunhas eleccións democráticas. Vostede di que os orzamentos non viñeron a Pleno... claro que non viñeron a Pleno, xa llo dixen, vostede non... sabe perfectamente coma min, e se non o sabe é preocupante, que os orzamentos non poden vir a Pleno se non está en vigor o regulamento orgánico municipal, e cando estea en vigor e cando estea publicado no Boletín Oficial da Provincia sabe tan ben coma min que dous días despois vai a vir un Pleno Extraordinario para aprobar eses orzamentos. E referente a que si os plenos hai que retransmitilos e hai que darlles publicidade, mire, nós tiñamos aí unha partida de 18.000 euros para renovar os equipos de aquí de... os micrófonos, os altavoces, e colocar un sistema de transmisión vía web dos plenos municipais, e os tivemos que sacar do orzamento, ¿sabe por que?. Porque tiñamos... tivemos que pagar 1.700.000 euros que deixou vostede aí no caixón, ¿o recorda?. Pois a ese... pois todo iso é ao que lle temos que facer fronte, aos pufos con Ares, aos pufos con Augas de Galicia, aos pufos das horas extras dos traballadores... todo iso fixo que moitas partidas que este goberno quería facer e meter nos orzamentos non se puideran meter, porque había que pagar, había que pagar o que se debía. E a súa teoría do aforro, de non pago nada, o meto todo no banco, e aos provedores que lles dean.. esa teoría non a compartimos. E referente, por último, ao acceso da información, mire, hai unha cousa que fai este goberno e que non custa un duro e é un claro exemplo de transparencia, ¿e sabe que é?, subir os audios e as actas á web municipal. Xa explicará vostede porque non quería facer iso, porque non se subían os plenos dende o ano 2016 á web municipal, e porque non se subían os audios do plenos. Entón, iso de vir aquí dicindo que Esquerda Unida non é culpable de nada disto, mire, son vostedes os principais culpables da situación actual do Concello de Mugaros.

**Sr. Alcalde** (que traducido di): Bueno, moi ben. Pois rematados os turnos de intervención pasamos a votar a proposta, que é a desestimación das alegacións presentadas por Esquerda Unida. Votos a favor da deses... desas... perdón, votos a favor de desestimar as alegacións, en contra, abstencións. Bueno, pois quedan desestimadas as alegacións e votamos entón o Regulamento Orgánico tal e como quedaría. Votos a favor do Regulamento, en contra... abstencións ningunha. Moi ben, pois non habendo máis asuntos levántase a sesión.

E non tendo máis asuntos para tratar, e sendo as nove horas e vinte minutos do día ó comezo sinalado, polo Sr. Alcalde-Presidente levántase a sesión, de todo o cal eu, como Secretario, dou fe.

Vº e praxe  
O ALCALDE,